

A XERENCIA SANITARIA DE SANTIAGO ÚNESE Á CELEBRACIÓN DO DÍA DO ICTUS COLABORANDO NA VISIBILIZACIÓN DOS SÍNTOMAS E DOS FACTORES DE RISCO

- **No 2017 ingresaron 572 doentes cun ictus en Santiago**
- **Grazas á existencia da unidade de Ictus case a metade dos doentes puideron ter a alta a domicilio desde urxencias tras un completo estudo diagnóstico que o posibilitou**

Santiago, 29 de outubro de 2018.- Hoxe celébrase o Día Mundial do Ictus e como cada ano a Xerencia de Xestión Integrada de Santiago quere sumarse a este chamamento para dar visibilidade a esta enfermidade e colaborar na divulgación da súa importancia, tratamento, síntomas e factores de risco.

Así, a xerente da XXIS Eloína Núñez e Susana Arias, responsable da Unidade de Ictus da Área sanitaria de Santiago, visitaron a mesa informativa que a asociación de Dano Cerebral Sarela instalou na entrada do hospital Clínico.

Cada 6 minutos o Ictus mata a unha persoa en España. Cada ano arredor de 130.000 españois sofre un ictus, sendo a segunda causa de mortalidade en España, a primeira en mulleres. Segundo as estimacións un terzo dos doentes que sofre un ictus falece e outro sufrirá discapacidade, o que lle impedirá valerse por si mesmo. É a primeira causa de discapacidade en idade adulta e a segunda causa de demencia.

No ano 2017, no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago ingresaron 572 pacientes con ictus (482 con ictus isquémicos e 90 hemorragias cerebrais). Grazas á existencia da unidade do Ictus, o 42% dos doentes que acudiron a Urxencias aqueixados con ictus (987 en total) puideron ser dados de alta desde o propio servizo de urxencias. O equipo multidisciplinar permitiu realizar o estudo diagnóstico completo que revelou con garantías que a súa situación clínica o permitía.

O tratamento do ictus require de persoal especializado e adestrado, os doentes con ictus isquémico e que acoden aos servizos de urxencias nas primeiras catro horas e media tralos primeiros síntomas poden beneficiarse dos tratamentos máis eficaces e específicos para esta doenza. Así, unha das técnicas complexas que están revelando gran eficacia nestes casos seleccionados é a revascularización endovascular. En Santiago practicáronse neste período 77 fibrinólises intravenosas (rtPA) e 43 técnicas de revascularización endovascular (trombectomía mecánica).

Existen diferentes técnicas de revascularización endovascular que inclúen a trombectomía mecánica (disrupción e/ou extracción do trombo mediante o emprego de diferentes dispositivos) e técnicas combinadas (administración de fibrinolíticos en veciñanza do trombo). Todas elas poden asociarse como técnicas de rescate tras a fibrinólise intravenosa,

Gabinete de Comunicación e Imaxe da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago
Travesía da Choupana s/n - 15706 Santiago de Compostela
Teléfono: 981950023 / 981 950967

Correo-e: prensa.santiago@sergas.es

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

conseguindo maiores taxas de recanalización arterial, o que mellora a recuperación funcional dos pacientes.

Teleictus.

O Hospital Clínico Universitario de Santiago é un dos centros de atención ao ictus de Galicia, é foi o primeiro en contar cunha unidade específica para esta patoloxía. Foi tamén pioneiro en ter unha unidade de atención as 24 horas e é líder no tratamento e investigación do ictus en Galicia.

O ano pasado nas 150 gardas como centro de atención ao ictus activáronse no HCU máis de 140 códigos ictus resultando 40 fibrinólise intravenosas e 32 trombectomías.

Saúdos